


REAL
MOSTEIRO
DE OIA

MEMORIA
DE SOSTIBILIDADE
2021



NATURALMENTE

O MOSTEIRO DE OIA



O Real Mosteiro de Santa María de Oia foi fundado no século XII e pertenceu case desde os seus inicios á Orde do Císter.

Coa Desamortización de Mendizábal, no século XIX, o Mosteiro continuou en mans privadas, tendo variados usos e albergando diferentes vivencias entre os seus muros que deixaron unha importante pegada no edificio, e que hoxe en día permítenos ler nas súas pedras unha impresionante historia de mais de 800 anos.

Como singularidade única sitúase na beira do mar, sendo o mar un dos elementos que condicionaron a súa historia, marcada por privilexios reais, conflitos e confrontacións, mais tamén polos avances e melloras que os monxes do Císter levaron adiante nas súas terras.

Na actualidade trátase dunha ruína consolidada na que se traballa nun importante proxecto de restauración e rehabilitación que permita o desfrute de todas as súas dependencias e, polo tanto, a súa posta en valor activa xa que, como recoñecen institucións como o ICOMOS ou a propia Unesco, “o patrimonio xa non pode limitarse ao papel de conservación pasiva que desempeñou no — pasado” senón que debe “proporcionar as


ferramentas e o marco para contribuír a configurar, delinear e dirixir o desenvolvemento das sociedades do mañá”.

Desde a propiedade do Real Mosteiro de Oia buscamos que o Mosteiro, non só chegue a consolidar o seu papel coma un dos principais monumentos e reclamos turísticos e culturais da nosa comunidade, senón que a nivel local contribúa á configuración da Oia do mañá, ao seu desenrolo e crecemento.

Por elo, un ano mais presentamos esta Memoria de Sostibilidade, porque a sostibilidade a tódolos niveis é a cerna do Mosteiro.

Índice

- 1. Sostibilidade Económica**
 - 1.1. O Proxecto**
 - 1.2. A dinamización cultural**
- 2. Sostibilidade Social**
- 3. Sostibilidade Cultural**
- 4. Sostibilidade Medioambiental**
- 5. Conclusións**



1. Sostibilidade Económica

Outro ano mais a pandemia ocasionada pola Covid-19 influíu notablemente nas actividades do Mosteiro, sobre todo nas referidas á dinamización cultural e turística do monumento.

Porén, non conseguiu deter os traballos centrados na futura rehabilitación, que involucran a varias Administracións Públicas, tanto locais coma autonómicas, coas que se seguiu traballando arreo.

1.1 O proxecto

Dúas circunstancias determinan o desenrolo do proxecto de restauración e rehabilitación do Mosteiro: o marco normativo urbanístico municipal e o grado de protección deste excepcional Ben de Interese Cultural (BIC).

É por iso que ao longo do ano 2021 celebráronse reunións de traballo co Concello de Oia e con diferentes Administracións da Xunta de Galicia, co fin de compartir un percorrido, marco e proxecto común.

Grazas a estes encontros, xa estase traballando conxuntamente en todas as exixencias legais e técnicas para que o proxecto poida ir cumprindo todos os pasos segundo as diferentes normativas, sendo a presentación pública un destes.

En definitiva, a pesares de non poder iniciar as obras de intervención que den inicio ao proxecto definitivo no ano 2021, o aliñamento de vontades e o traballo conxunto entre todos os involucrados fainos estar moi esperanzados. Seguiremos traballando como bloque por elo.

Intervencións 2021

Ademais, coma tódolos anos, leváronse a cabo diferentes intervencións no monumento destinadas ao mantemento e coidado do Mosteiro.

Podemos destacar a finalización do Centro de Recepción de Visitantes, cuxa obra viuse retardada por mor da pandemia debido á falla de determinados materiais fundamentais para a súa finalización.



O espazo foi admirado na súa plenitude nesta tempada de visitas.

Rodearnos dun equipo técnico que ten a mesma sensibilidade ca nós e sente o Mosteiro como o lugar especial que é, permítenos levar adiante pequenas intervencións que nos enchen de ilusión e que xa comezan a ser recoñecidas pola súa calidade arquitectónica como é o caso da mostra permanente “Os presos do Mosteiro”, concibida e deseñada polos nosos arquitectos Rodríguez+Pintos, que ven de recibir

un importante premio : o Gran de Area de Aportación a Arquitectura 2021 que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia resolve cada ano.



Tamén realizáronse, como cada ano, labores de mantemento nas cubertas. Neste caso interveuse na ala leste e norte do claustro.





O 2021 tamén supuxo un ano fundamental na historia da igrexa de Santa María de Oia. Pertencente ao Bispado Tui- Vigo construtivamente forma un todo co Mosteiro. As intervencións en un e outro espazo deben convivir e, grazas a boa relación co Bispado, xerar sinerxías que beneficien ao conxunto histórico.

A Xunta de Galicia está a investir mais de 800.000 euros na rehabilitación da igrexa, orientada a solucionar os graves problemas de humidades que padece. As obras comezaron no 2021 tendo continuidade no 2022.

Desde a propiedade do Mosteiro a colaboración é total, facilitando e permitindo os traballos desde e na nosa propiedade.

1.2 A dinamización cultural

De novo o impacto do coronavirus afectou a programación do 2021, limitándoa a só tres meses de apertura do monumento ao público, e tamén limitando aínda mais o tamaño dos grupos para as visitas guiadas respecto ao ano anterior.

89 días De visitas guiadas, solpores,
conversas e máis...

Os protocolos establecidos para afrontar con seguridade a actividade cultural e turística demostráronse adecuados e efectivos no control de posibles gromos no desenrolo das nosas actividades.

Economicamente –aínda que algúns eventos víronse afectados polas diferentes ondas da evolución epidemiolóxica ou pola concentración e multiplicación de eventos musicais e culturais respondendo a falla dos mesmos no ano anterior– conseguíuse unha certa estabilidade nos números relativos a dinamización cultural. Especialmente grazas ás visitas guiadas que seguen a constituír o grande éxito do programa cultural do Mosteiro. Polo tanto economicamente a actividade cultural segue a sosterse por si mesma acadando un bo equilibrio entre os gastos e os ingresos, permitindo continuar e explorar novas iniciativas culturais ao mesmo tempo que se traballa en melloras no edificio cara a próxima tempada.

2. Sostibilidade social

A relación do Mosteiro coa súa contorna foi constante durante toda a súa existencia. De feito o seu papel foi fundamental na creación e crecemento dos núcleos de poboación que se desenvolveron ao seu abeiro.

Sen embargo, esta relación, tanto dos monxes como dos diferentes propietarios que ostentaron a súa propiedade a partir da Desamortización do século XIX, non implicaba o desfrute público do edificio; xa que tanto os monxes dentro do seu obrigado illamento coma os propietarios que constituíron no cenobio o seu fogar limitaron esta posibilidade.

Aínda que o Mosteiro segue a ser un ben privado na actualidade, a actual propiedade é consciente de que se trata dun patrimonio de todos, e polo tanto debe poder ser desfrutado e admirado. Esa é a

finalidade das diferentes iniciativas que levamos adiante non só propias senón en colaboración con diversas entidades públicas e privadas, autonómicas e locais.

Como vimos priorizando desde o inicio do proxecto, no ano 2005, o Mosteiro debe constituírse como un motor de desenvolvemento do territorio. Neste ano os fitos acadados neste eido foron o seguintes:

- Emprego local directo: 50% local 50% provincial
- Emprego local indirecto: 21% local 79% provincial
- Facturación en intervención por obras en 2021: 2% local 98% provincial
- Xeración de gasto local dos visitantes do Mosteiro
 - Visitas, Conversas e concertos: restauración
 - “A Emoción dos Viños”: aloxamento e restauración
 - Teatro e eventos: restauración
- Acordos entre gandeiros locais e o Mosteiro para o uso para pasto das veigas dos Mosteiro.

3. Sostibilidade cultural

O 2021 seguiu a ser un ano de contención e o mesmo tempo de aposta pola cultura e polo lecer.

A continua evolución do coronavirus a través de diversas variantes e ondas de contaxios fixo necesario, as veces, aprazar eventos por mor da proliferación de positivos nos membros da organización ou nos artistas dalgúns eventos.

**Un dos nosos obxectivos segue sendo
promover a cultura dende a seguridade.**

A comprensión e os folgos das persoas que sosteñen o Mosteiro coa súa fidelidade fixeron posible acomodar os eventos noutras datas unha vez superadas as pertinentes medidas sanitarias.

Así, conseguimos dar un pasiño mais e explorar novos mundos que amosaron a capacidade e versatilidade do Mosteiro.

As principais actividades do Mosteiro, coma sempre, centráronse en dúas vertentes:

VISITAS

- As visitas guiadas de mércores a domingo, con cinco quendas ao día. Visitas nas que cada ano revisamos e adaptamos o guión para facelo mais atractivo para todo tipo de público, ademais de incorporar novos datos dentro da constante revisión e o contacto cos principais investigadores do monumento.
- Visitas acompañadas non guiadas, de balde, todos os martes en catro quendas.

290 quendas de visitas guiadas

Continuamos un ano mais con dúas novas edicións dos nosos Ciclos mais queridos:

CICLO CONVERSAS NO MOSTEIRO



O 2 de xullo, aínda que competiamos co partido de España na Eurocopa 2021, puidemos ser outra opción diferente e cultural para pasar a tarde. Escoitamos a Antón Pombo, un dos persoeiros de referencia en canto a recuperación e posta en valor do Camiño de Santiago dende os anos 80, e que segue a documentalo e investigalo. Imprescindible traelo ao Mosteiro, un dos puntos de parada fundamental dos peregrinos que percorren o Camiño Portugués da Costa ou Camiño Monacal.



O 30 de xullo o protagonista da nosa seguinte conversa foi Fran Núñez, o director do Centro Dramático Galego (CDG) que falou sobre a posible relación entre os espazos patrimoniais e as artes escénicas.



Momento que aproveitouse para anunciar en exclusiva aos asistentes o próximo estreo da obra teatral ECO tendo como escenario de excepción o propio monumento, e froito da colaboración entre o Real Mosteiro de Oia, o CDG e a creadora Avelina Pérez.



CICLO SOLPOR NO MOSTEIRO

A música volveu a encher cada espazo do Mosteiro dende a Praza de Armas. Volvemos admirar a increíble posta de sol desde a Praza de Armas cunha refrescante copa de viño de Quinta Couselo, a nosa adega de referencia coa que, un ano mais, renovamos a colaboración e patrocinio dos Solpores.



Este ano dobramos a oferta habitual de concertos para apoiar, máis se cabe, á industria musical nunha conxuntura tan difícil para o sector.



O 3 de xullo escoitamos a Adrian Timms, presentando o seu primeiro traballo tras anos forxándose nas rúas de Vigo.



O 10 de xullo foi a quenda da galego palestina Najla Shami que deleitounos coa súa música e mestura de estilos.



O 17 de xullo volveu a filla pródiga, Su Garrido Pombo e o seu grupo Son Trío volveunos namorar coa súa sensibilidade.



O concerto de La Supersonic do 24 de xullo houbo que trasladalo ao 30 de xullo por varios positivos de Covid da banda. Finalmente o concerto puido celebrarse con gran éxito de público.



Lamentablemente o esperado concerto de Lulavai tivo que suspenderse por mor das condicións climatolóxicas.


O 14 de agosto volveu o Solpor da man de San Rockers, os Hombres G vigueses que fixeron vibrar o Mosteiro.



El 21 de agosto La Franga soaron fortes no Mosteiro, nunha tardiña de néboa na que o público desfrutou dos temas de toda a vida.



E como fin de festa o cheo total de
Black Stereo



Pero non só desfrutamos das “Conversas” e os “Solpores”...

Consolidación de fitos sociais e culturais

90º ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN BIC DO MOSTEIRO DE OIA



Andaina de Monumento a Monumento
polo Camiño Portugués da Costa

90º Aniversario da Declaración BIC do Mosteiro de Oia e Castro Santa Trega
sábado, 5 de xuño

PROGRAMACIÓN

10:00 Benvida aos participantes e presentación da efeméride.
Entrega de avituallamento
Inicio da andaina: 12,5 km, 2,5 horas aprox.

13:30 Chegada a O Montañío (A Guarda)

INSCRICIÓNS

Concello de Oia: Rúa Vista Alegre, s/n
de luns a venres de 9:00 a 13:00 h. Tlf. 986 36 21 25

Centro Cultural de A Guarda: Avda. Rosalía de Castro, s/n
de luns a venres de 10:00 a 13:00 h, e sábados de 10:00 a 13:00 h. Tlf. 986 64 18 70

Ou no correo electrónico: info@mosteirodoia.com

* Habera autobús de volta ao punto de partida
** É necesario reservar praza no momento da inscrición
*** Por motivos de organización pregose puntualidade na saída.

Organiza: **REAL MOSTEIRO DE OIA**
Colabora: Concello de Oia, Concello de A Guarda
Patrocina: **OIA**, **A Guarda**

No 2021 produciuse un importante fito que celebramos dun xeito moi especial: o 90º Aniversario da Declaración BIC do Mosteiro.

Para elo, organizamos, en colaboración co Concello de Oia e o Concello de A Guarda, así coma do patrocinio de Frutas Nieves, unha andaina “De Monumento a Monumento” aproveitando a coincidencia da mesma declaración na mesma data do Castro de Santa Trega.

No evento de presentación, acompañados polos Alcaldes de Oia e A Guarda, o profesor e historiador Miguel Villa falou da conexión, para moitos descoñecida, entre o Mosteiro e o Castro de Santa Trega a través dos indianos guardeses e particularmente da familia Alonso.



Os participantes nesta actividade de balde, puideron percorrer o tramo do Camiño Portugués da Costa de xeito inverso: desde o Mosteiro ata o pe do monte Santa Trega.

A actividade foi un éxito e tódalas prazas esgotáronse en poucos días.

TREBOADA, CANDO OS MONXES LOITABAN CONTRA PIRATAS

De novo o Covid-19 obrigounos a celebrar a batalla mais famosa dos monxes de Oia noutra data diferente á orixinal. Mais non impediu



TREBOADA
Cando os monxes loitaban contra Piratas
 III EDICIÓN
12 xuño | 2 pases: 12:00 e 18:00
 Reserva de tickets en:
info@mosteirodeioia.com

Raquel Queizás **4€**
 Espectáculo de narración oral e monicreques da man de Raquel Queizás, actriz, monicrequeira, filóloga, e sobre todo, contadora de historias. Os máis pequenos disfrutarán vendo aos monxes loitar contra piratas.

Duración: 60 min
 Espectáculo recomendado para maiores de 3 anos
 Rúa do Párroco Don Claudio Rodal Fandiño, 5, Oia

que planificáramos un evento para toda a familia, tendo coma protagonistas principais aos nenos.

Raquel Queizás e os seus monicreques escenificaron a batalla contra os piratas e fixeron as ledicias dos nenos alí presentes que puideron escoitar o que aconteceu alí mesmo case 400 anos atrás.

OBRA DE TEATRO: ECO

Sabemos que o Mosteiro e os acontecementos que alí se viviron ao longo da súa historia non deixan a ninguén indiferente. Isto foi o que lle ocorreu a recoñecida creadora escénica Avelina Pérez cando nos visitou.

A súa visita a nosa mostra permanente “Os presos do Mosteiro: memorias da Guerra Civil española” inspirouna na creación da peza teatral ECO.



A obra, co-producida polo Centro Dramático Galego foi unha homenaxe aos presos que ocuparon o Mosteiro cando foi campo de concentración na Guerra Civil.

Tras un aprazamento por un positivo de coronavirus nun integrante do equipo técnico, finalmente o 26 de setembro estreouse ECO con tres funcións e cheo total en todas elas.

Para que o público puidera chegar a comprender a impresionante carga emocional que o propio espazo transmitía nesta obra, planificouse unha visita previa a nosa mostra permanente que, sen dúbida, contribuíu a dotar de contexto o espectáculo posterior.



Deste xeito, demos con outra faceta do Mosteiro a explorar e potenciar, tal e como escribiu Rexina Vega na Revista Galega de Teatro “ECO de Avelina Pérez marca un novo xeito de dinamizar teatralmente os espazos históricos. Non é turismo cultural é arte que dialoga co espazo, transcende e cura”.

Emociónanos especialmente a descrición de Rexina Vega do Mosteiro:

“Entramos nun lugar, deglútenos o espazo moito antes de que a obra dea comezo. En realidade o Mosteiro de Oia ten moito de *Aleph*, esa especie de circunferencia imaxinada por Borges e desde a cal pode verse simultaneamente o universo desde todos os ángulos posibles”

III RECOÑECIMIENTO MOSTEIRO DE OIA. CHAVE E MEMORIA DE GALICIA

No 2021 o III Recoñecemento recaeu por primeira vez en dúas persoas: D. Grato Amor e D. Carlos del Río (este último de xeito póstumo, mais presente grazas a participación da súa familia) da Asociación Amigos de los Pazos, pola súa inestimable aportación ao estudo do Camiño Portugués da Costa ou Camiño Monacal e que resultou clave na súa oficialización por parte da Xunta de Galicia no ano 2016.

A celebración, aínda con tódalas cautelas propias da situación de emerxencia sanitaria, foi moi emotiva e contou co apoio e presenza de distintas personalidades coma a Alcaldesa de Oia Dona Cristina Correa, a Directora de Turismo de Galicia, Dona Nava Castro ou o actual presidente do Porto de Vigo, e anteriormente conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e alcalde de Baiona Don Jesús Vázquez Almuíña.





A EMOCIÓN DO VIÑOS

Como cada ano esta celebración de referencia arredor do viño de autor celebrouse no Mosteiro de Oia os días 19 e 20 de xuño. Esta XI edición tivo novamente un importante éxito de asistencia que fai que se consolide como unha dos principais encontros da Península Ibérica para os amantes do viño.



PRESENTACIÓN DOCUMENTAL FINCA MOREIRAS

O 21 de setembro presentouse no Mosteiro o documental gravado por Finca Moreiras “Do Mosteiro a Santiago” coa participación do Concello de Oia e as principais asociacións da zona.

Lembremos que esta iniciativa impulsada pola Asociación Finca Moreiras foi una magnífica oportunidade para 100 persoas con diversidade funcional, na que puideron percorrer con cabalos de pura raza galega os 124 quilómetros que separan o Mosteiro de Oia da catedral de Santiago de Compostela, por etapas e en grupos reducidos.



DOCUMENTAL AMARILLO ATLÁNTICO

Este ano comprobamos a versatilidade do Mosteiro, quedando demostrado que encaixa en todo tipo de artes. Por iso non o pensamos cando Carla Andrade solicitounos o acceso ao Mosteiro para gravar o seu documental “Amarillo Atlántico”, enmarcado dentro dun proxecto expositivo chamado “Percorrer o tempo. Visións contemporáneas do Camiño” unha visión poliédrica e actual do Camiño de Santiago a través da mirada de dez artistas que empregan a fotografía e o vídeo como medio.



OBRADOIRO DE TEATRO VECIÑAL

Unha das colaboracións mais sentidas foi a mantida co grupo de teatro local “6x6 Punto de encontro”.

O 25 setembro demos acubillo a un obradoiro de teatro veciñal dirixido por Alfredo Rodríguez de “A Artística”, cedendo o Mosteiro para tres pases ao longo da mañá e da tarde.

As representacións das veciñas e veciños foron acompañadas con artistas de primeiro nivel coma Mónica Nut, Elsa Pereira, Avelina Pérez, Silvia Penas ou Gloria Rodríguez Gil tras horas de traballo previo en conxunto.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

NOVAS COLABORACIÓNS AUDIOVISUAIS

Como cada ano recibimos solicitudes para a gravación de diferentes proxectos audiovisuais, coma o prestixioso programa portugués

“Caminhos da história”



Ou o programa “Un país en 360º” na edición dedicada ao Camiño Portugués da Costa.




Resultados 2021

O resultados deste ano poden compararse cos do ano anterior, posto que seguimos nunha situación de emerxencia sanitaria que limitou aínda mais as capacidades dos grupos de visitantes con respecto ao verán do 2020. A apertura volveu a limitarse aos meses do verán, desde finais de xuño a mediados de setembro.

Aínda así o total de visitantes esta tempada foi de 4.874 persoas. É dicir, tendo menos capacidade superamos o total de visitantes do ano pasado que ascendera a 4.352.

Completan estes datos a asistencia aos eventos dos principais Ciclos do Mosteiro –Conversas e Solpores– que tamén medraron, chegando a un total de 418 persoas fronte as 368 do ano anterior.

Polo que este verán visitaron o Mosteiro un total de 5.292 persoas.




Fomentamos a reserva a través da web por dous motivos: que o visitante asegure a súa praza nunha das Visitas Guiadas e dese xeito evitar aglomeracións e traslados en balde dos visitantes, e por outra banda reducimos a pegada medioambiental.

Os datos indican que conseguimos o obxectivo posto que o 59,5 % dos nosos visitantes reservan as súas entradas a través da nosa web, mentres que o 40,5 % restante a adquire directamente na porta.


Analizando esta dinámica, vemos coma o visitante galego prefire a reserva vía web, mentres que o 65% da venta de entradas en porta corresponde ao visitante nacional. É dicir, o visitante galego planifica con antelación a súa visita ao Mosteiro, mentres que o visitante nacional moitas veces encóntrase con nós na súa ruta pola zona.

A procedencia dos nosos visitantes distribúese do seguinte xeito. O 44% dos visitantes proceden de Galicia e o 52,5% do resto de España.

En canto ao turismo galego destaca notablemente o turista da provincia de Pontevedra.




No conxunto de España o resultado sería o seguinte:



Sendo a maioría dos nosos visitantes procedentes de Pontevedra, Madrid, A Coruña, Barcelona, Ourense, Sevilla e Valladolid, pero tendo visitantes de ata 50 provincias, e dicir, de todos os recunchos do país, excepto Ceuta e Melilla.

Respecto do turismo internacional este ano foi o claro damnificado por causa da emerxencia sanitaria da Covid polo que os datos son tímidos. Constitúen o 3,5 % do total dos nosos visitantes, de ata 15 nacionalidades diferentes sendo as predominantes as seguintes:



Esta actividade que xera o Mosteiro contribúe a dinamizar economicamente toda a contorna do Mosteiro, sendo os principais beneficiarios os negocios de restauración e hostalería preto do monumento.

4. Sostibilidade medioambiental

Como cada ano damos unha grande importancia a pegada que deixamos no medio ambiente. Por elo en todas as nosas intervencións, tanto de intervencións coma de dinamización cultural temos o firme compromiso de xestionar de maneira respectuoso o noso impacto. Isto tradúcese en:

- Materiais usados nos traballos de mantemento das cubertas do Mosteiro: mentres traballamos xunto coa Dirección Xeral de Patrimonio polo deseño definitivo das cubertas do Mosteiro, as intervencións de mantemento das actuais realízanse con materiais como a madeira maciza de pino e fibrocemento. Tentamos a reutilización de tódolos materiais, mais cando isto non é posible pasa a tratarse coma residuo de construción dacordo coa normativa vixente.
- Proxecto Ríos: seguimos a colaborar neste proxecto de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia) da man dos compañeiros de Kaleido Ideas & Logistics, que apadriñaron o río Lavandeira e fan periódicas xornadas de limpeza, análise e coidado do treito do río.



- Certificación ecolóxica do CRAEGA para os nosos pastos e cultivos que valida a non utilización de produtos químicos nos nosos terreos.



- Cabras, ovellas e vacas cachenas pastan no Mosteiro no marco de colaboración con gandeiros locais.

- Loxística asociada aos eventos.
 - Segregación de residuos. Cantidade total xerada:
 - Papel: 1,5 m³
 - Plástico: 1,2 m³
 - Residuos: 2,4 m³
 - Augas residuais: baleirado semanal dos depósitos dos baños portátiles por camión cisterna e posterior tratamento.
 - Utilización de vasos de vidro na “Emoción dos Viños” e nos concertos do “Solpor no Mosteiro”.

5. Conclusións

Nas últimas tempadas de visitas, concertos, conversas, obradoiros, cine, teatro... conseguimos mobilizar máis de 20.000 persoas ata Santa María de Oia. Un impacto a nivel cultural, social e económico que non só beneficia ao Mosteiro e a súa contorna, senón a imaxe do noso país e do seu patrimonio.

Do mesmo xeito que a pandemia está a exixirnos un serio esforzo como individuos e colectivo, o proxecto do Mosteiro exige nestes tempos de visión e afouteza, de paciencia e de traballo.

Para xestionar de maneira mais eficiente os contidos culturais do Mosteiro colaboramos ca Fundación Bretal que, entre outro cometidos, dedicarase a dar continuidade e maior proxección á xestión das visitas e a dinamización cultural do cenobio.

Cada comezo de ano sempre pensamos que vai ser o ano do gran empurrón, da grande obra. E cando 12 meses despois vemos cara atrás sentímonos defraudados. Ese sentir dura un intre, xa que vendo o tempo e os esforzos dedicados e os grandes logros acadados, sabemos que cada día estamos máis preto de conseguilo.

Tras mais de 800 anos de historia e moitos momentos de colapso e ruína, o Mosteiro segue en pé. E xa non como ruína, se non como ruína consolidada e viva mentres traballamos por algo único.

Seguimos. Grazas aos folgos de todos.





www.mosteirodeioia.com

